

A Reserva da Biosfera convoca un concurso de fotografías sobre o lúpulo

REDACCIÓN / Betanzos

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, os Concellos do territorio da Reserva da Biosfera xunto coa Federación de Escolas Familiares Agrarias Galicia e Estrella Galicia organizan un concurso de fotografías de actividades relacionadas co cultivo do lúpulo na comarca de As Mariñas desde os anos cincuenta á actualidade.

Baixo a denominación "O ouro verde na comarca das Mariñas", no concurso colaboran, ademais dos concellos, empresas adheridas ó proxecto, Cooperativa LUTEGA e Corporación Hijos de Rivera. Poden participar tanto profesionais como aficionados que poderán presentar as fotografías e documentos nos Concellos, nas oficinas do GDR Mariñas-Betanzos ou a través da web www.marinasbetanzos.org. O prazo remata o 31 de outubro.

Haberá dous premios, un en cada categoría convocada: xeral, fotografía nova e antiga. Especifica, documento antigo. Os gañadores poderán gozar dun orixinal obsequio facilitado pola Corporación Hijos de Rivera, que consistirá no seu peso en cervexa e unha ruta agro-gastronómica para dúas persoas, otorgado pola cooperativa LUTEGA.

Expertos na conservación da natureza participan na III Semana de Custodia do Territorio

Celebrarase do 20 ó 28 de setembro, organizada por Fragas do Mandeo e GDR Mariñas-Betanzos. Este ano conta como evento novidoso cunha eco-regata.

REDACCIÓN / Betanzos

Fragas do Mandeo, o GDR Mariñas-Betanzos e varias asociacións da comarca organizan a III Semana de Custodia do Territorio entre os días 20 e 28 de setembro, coincidindo coa LandLife Week que se celebra en toda Europa.

O programa inclúe conferencias, actividades de voluntariado e unha eco-regata para a mellora dos espazos naturais da Reserva da Biosfera.

O título deste ano é "Custodia do Territorio e conservación: retos na preservación da biodiversidade mariñán". Trala inauguración o día 20, que contará co Alcalde de Betanzos, Ramón García e co Presidente do GDR Mariñas-Betanzos, José Antonio Santiso, varios especialistas das universidades galegas falarán das especies ameazadas da bisba-

rra e recomendarán actuacións específicas para a súa conservación.

O domingo 21 pola mañá haberá unha actuación de voluntariado para eliminar especies exóticas invasoras e recoller lixo na praia da Alameda, en Ponte do Porco.

O día 24, ás 20:00 horas no Liceo, o doutor Jaime Fagúndez impartirá unha conferencia baixo o título "A ameaza das especies exóticas invasoras nas Mariñas".

[Eco-regata]


O sábado 27 pola tarde está programada unha eco-regata, unha actividade deportiva e lúdica que consiste en competir pola recollida de lixo no xuncal. Comezará ás 15:00 horas no porto de

Betanzos, onde se recibirá ós voluntarios, lanchas e piraguas que se teñan inscrito. Haberá premios para os tres primeiros e, paralelamente, no porto, haberá actividades infantís, música, comida e bebida.

Na organización da eco-regata participan tamén a Asociación de Amigos dos Ríos de Betanzos, o Concello e outras entidades e casas comerciais.

O domingo 28 celebrarase a limpeza simultánea de ríos en toda Galicia promovida polo Proxecto Ríos. Dependendo do número de voluntarios que se inscriban, repartiranse os equipos por distintas zonas dos ríos Mandeo e Mendo para recoller todo tipo de refugallo que se atope ó longo da mañá.

Para inscribirse nas actividades poden chamar ó teléfono 981669541 ou por email: info@marinasbetanzos.org.



Imaxe dun dos postos da mostra

Centos de persoas visitaron a II Mostra de Viños e Produtos das Mariñas

REDACCIÓN / Betanzos

A II Mostra de Viños e Produtos das Mariñas, organizada pola Reserva de Biosfera e o Concello de Betanzos resultou un éxito de público. Centos de persoas se achegaron os días 10 e 11 de agosto ás casetas instaladas na Praza da Constitución.

Unha vintena de produtores, entre os que se atopaban seis adegas de Viño da Terra, amosaron os seus produtos ó público. Ademais, celebráronse diferentes actividades como talleres infantís e xogos para os máis pequenos, visitas guiadas polo casco histórico, talleres de cociña e de elaboración de queixo, actuacións musicais e catas comentadas de Viño da Terra de Betanzos.



IGUAL MAÑÁ XA É TARDE PARA POÑERSE AS PILAS

CLAVES DE APOCO: E PRIMARIA - E.S.O. - BACHARELATO - SELECTIVIDADE - ACCESO Á UNIVERSIDADE / OCLOS - UNIVERSIDADE (ADE. EMPRESARIAIS, ECONÓMICAS...) INFORMÁTICA, INICIACIÓN, GRAMÁTICA, XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS, AUTOCAD, DISEÑO PÁGINAS WEB, INGLÉS, AGRICULTOS, INTENSIVO EOI (BUL...) / CAMBRIDGE (KET, PET, FIRST...)

RESERVA A TÚA PRAZA

WWW.AULANOVABETANZOS.COM
TEL: 981669541 / 981669542
RUA DO BOMBALEIRO, 32 - BETANZOS

